

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

8849 *Real decreto 704/2011, do 20 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección das infraestruturas críticas.*

A Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas habilita o Goberno, na súa disposición derradeira cuarta, para ditar o regulamento de execución de desenvolvemento da mencionada lei.

En cumprimento deste mandato, o presente real decreto apróbase, en primeiro lugar, coa finalidade de desenvolver, concretar e ampliar os aspectos recollidos na citada lei, máxime cando do seu teor se desprende non só a articulación dun complexo sistema de carácter interdepartamental para a protección das infraestruturas críticas, composto por órganos e entidades tanto das administracións públicas como do sector privado, senón o deseño de todo un planeamento orientado a previr e protexer as denominadas infraestruturas críticas das ameazas ou actos intencionados provenientes de figuras delituosas como o terrorismo, potenciados a través das tecnoloxías da comunicación.

En segundo lugar, este texto normativo non só é coherente co marco legal de que deriva, senón que ademais serve aos fins do Sistema Nacional de Xestión de Situacións de Crise e cumpre coa transposición obrigatoria da Directiva 2008/114/CE, do Consello da Unión Europea, do 8 de decembro, en vigor desde o 12 de xaneiro de 2009, sobre a identificación e designación de infraestruturas críticas europeas e a avaliación da necesidade de mellorar a súa protección. A isto obedecen as amplas previsións que o texto recolle no ámbito dos diferentes plans que deben elaborar tanto as administracións públicas –no caso do Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, os plans estratéxicos sectoriais e os plans de apoio operativo– como as empresas, organizacións ou institucións clasificadas como operadores críticos, aos cales a lei asigna unha serie de obrigas, entre as cales se encontran a elaboración de cadanseu instrumento de planificación: os plans de seguridade do operador e os plans de protección específicos.

Así mesmo, a lei prevé que os operadores críticos designen un responsable de seguridade e enlace –a quen se lle exige a habilitación de director de seguridade que concede o Ministerio do Interior ao persoal de seguridade das empresas de seguridade privada en virtude do disposto no Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada, ou habilitación equivalente, segundo a súa normativa específica–. Igualmente, recóllese a designación dun delegado de seguridade por cada unha das infraestruturas críticas identificadas.

No que ao seu contido se refire, este real decreto consta dun artigo único, unha disposición transitoria única e dúas disposicións derradeiras. Pola súa parte, o regulamento consta de 36 artigos estruturados en catro títulos. O título I contén as cuestións xerais relativas ao seu obxecto e ámbito de aplicación, e dedica un artigo á figura do Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas, como instrumento da Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior que debe aglutinar todos os datos e a valoración da criticidade das citadas infraestruturas e que será empregado como base para planificar as actuacións necesarias en materia de seguridade e protección destas, ao se nutrir das achegas dos propios operadores. O título II está plenamente dedicado ao Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas, e desenvolve, entre outras, as previsións legais relativas aos órganos creados pola lei, isto é, o Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas (CNPIC), a Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas e o Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas, e concreta a composición, competencias e funcionamento de todos eles. O título III encárgase da regulación dos instrumentos de planificación, e céntrase en cada un dos plans antes citados, cuxo proceso de elaboración, aprobación e rexistro, así como os seus

contidos materiais, regula con maior detalle. Finalmente, o título IV está consagrado á seguridade das comunicacións e ás figuras do responsable de seguridade e enlace e do delegado de seguridade da infraestrutura crítica.

A tramitación deste real decreto foi froito dun intenso diálogo e colaboración entre os distintos departamentos ministeriais e organismos afectados, e conta tamén coa achega das distintas comunidades autónomas e do sector empresarial, tras o trámite de información pública outorgado a todos eles, o que contribuíu a dotar o texto dun extenso e, por outro lado, imprescindible, grao de consenso.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, co informe favorable da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de maio de 2011,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de protección das infraestruturas críticas.*

En desenvolvemento e execución da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, apróbase o Regulamento de protección das infraestruturas críticas, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral do Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios, ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura organizativa proxectada no ámbito da protección das infraestruturas críticas. Esta adaptación en ningún caso poderá xerar incremento de gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado en materia de seguridade pública no artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
ALFREDO PÉREZ RUBALCABA

REGULAMENTO DE PROTECCIÓN DAS INFRAESTRUTURAS CRÍTICAS

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente regulamento ten por obxecto desenvolver o marco previsto na Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas, co fin de concretar as actuacións dos distintos órganos integrantes do Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas (en diante, o Sistema) así como os diferentes instrumentos de planificación deste.

2. Así mesmo, regula as especiais obrigas que deben asumir tanto o Estado como os operadores daquelas infraestruturas que se determinen como críticas, segundo o disposto no artigo 2, alíneas e) e f) da citada lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación deste regulamento será o previsto polo artigo 3 da Lei 8/2011, do 28 de abril.

CAPÍTULO II

O Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas

Artigo 3. *O Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas.*

1. O Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas (en diante, o Catálogo) é o rexistro de carácter administrativo que contén información completa, actualizada e contrastada de todas as infraestruturas estratéxicas situadas no territorio nacional, incluíndo as críticas así como aquelas clasificadas como críticas europeas que afecten a España, de acordo coa Directiva 2008/114/CE.

2. A finalidade principal do Catálogo é valorar e xestionar os datos dispoñibles das diferentes infraestruturas, co obxectivo de deseñar os mecanismos de planificación, prevención, protección e reacción ante unha eventual ameaza contra aquelas e, en caso de ser necesario, activar, conforme o previsto polo Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, unha resposta áxil, oportuna e proporcionada, de acordo co nivel e características da ameaza de que se trate.

Artigo 4. *Contido do Catálogo.*

1. No Catálogo deberanse incorporar, entre outros datos, os relativos á descrición das infraestruturas, a súa localización, titularidade e administración, servizos que prestan, medios de contacto, nivel de seguridade que precisan en función dos riscos avaliados así como a información obtida das forzas e corpos de seguridade.

2. O Catálogo nutrirase da información que lle faciliten ao Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, CNPIC) os operadores das infraestruturas así como o resto de suxeitos responsables do Sistema relacionados no artigo 5 da Lei 8/2011, do 28 de abril.

3. O Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas ten, conforme o disposto na lexislación vixente en materia de segredos oficiais, a cualificación de SEGREDO, conferida

polo Acordo de Consello de Ministros do 2 de novembro de 2007, cualificación que comprende, ademais dos datos contidos no propio Catálogo, os equipamentos, aplicacións informáticas e sistemas de comunicacións inherentes a este, así como o nivel de habilitación das persoas que poden acceder á información nel contida.

Artigo 5. Xestión e actualización do Catálogo.

1. A custodia, xestión e mantemento do Catálogo nacional de infraestruturas estratéxicas corresponde ao Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade.

2. O Ministerio do Interior, a través da Secretaría de Estado de Seguridade, será responsable de clasificar unha infraestrutura como estratéxica e, se é o caso, como infraestrutura crítica ou infraestrutura crítica europea, así como de incluíla por vez primeira no Catálogo, logo de comprobar que cumpre un ou varios dos criterios horizontais de criticidade previstos no artigo 2, alínea h) da Lei 8/2011, do 28 de abril.

3. O proceso de identificación dunha infraestrutura como crítica será realizada polo CNPIC, que poderá solicitar a participación e o asesoramento do interesado, así como dos axentes do Sistema competentes, aos cales informará posteriormente do resultado de tal proceso.

4. A clasificación dunha infraestrutura como crítica europea suporá a obriga adicional de comunicar a súa identidade a outros Estados membros que se poidan ver afectados de forma significativa por aquela, de acordo co previsto pola Directiva 2008/114/CE. En tal caso, as notificacións, en reciprocidade con outros Estados membros, serán realizadas polo CNPIC, de acordo coa clasificación de seguridade que corresponda segundo a normativa vixente.

5. Nos casos en que se produza unha modificación relevante que afecte as infraestruturas inscritas e que sexa de interese para os efectos previstos no presente regulamento, os operadores críticos responsables destas facilitarán, a través dos medios postos á súa disposición polo Ministerio do Interior, os novos datos daquelas ao CNPIC, que os deberá validar con carácter previo á súa incorporación ao Catálogo. En todo caso, a actualización dos datos dispoñibles deberase facer con periodicidade anual.

TÍTULO II

Os axentes do Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas

Artigo 6. A Secretaría de Estado de Seguridade.

A Secretaría de Estado de Seguridade é o órgano superior do Ministerio do Interior responsable do Sistema de Protección das Infraestruturas Críticas Nacionais, para o cal o seu titular, ou órgano en quen delegue, exercerá as seguintes funcións:

- a) Diseñar e dirixir a estratexia nacional de protección de infraestruturas críticas.
- b) Aprobar o Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas e dirixir a súa aplicación, declarando, se é o caso, os niveis de seguridade que se deben establecer en cada momento, conforme o contido do dito Plan e en coordinación co Plan de Prevención e Protección Antiterrorista.
- c) Aprobar os plans de seguridade dos operadores e as súas actualizacións por proposta do CNPIC, tomando, se é o caso, como referencia as actuacións do órgano ou organismo competente para outorgarlles a aqueles as autorizacións correspondentes en virtude da súa normativa sectorial.
- d) Aprobar os diferentes plans de protección específicos ou as eventuais propostas de mellora destes por proposta do CNPIC, nos termos do disposto no artigo 26 deste regulamento.
- e) Aprobar os plans de apoio operativo, así como supervisar e coordinar a implantación destes e daquelas outras medidas de prevención e protección que deban activar tanto as

forzas e corpos de seguridade e as Forzas Armadas, de ser o caso, como os propios responsables de seguridade dos operadores críticos.

f) Aprobar, co informe previo do CNPIC, a declaración dunha zona como crítica, por proposta das delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se for o caso, das comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública.

g) Identificar os diferentes ámbitos de responsabilidade na protección de infraestruturas críticas e analizar os mecanismos de prevención e resposta previstos por cada un dos actores implicados.

h) Emitir as instrucións e protocolos de colaboración dirixidos tanto ao persoal e órganos alleos ao Ministerio do Interior como aos operadores das infraestruturas estratéxicas, así como fomentar a adopción de boas prácticas.

i) Responder do cumprimento das obrigas e compromisos asumidos por España no marco da Directiva 2008/114/CE, sen prexuízo das competencias que corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

j) Supervisar, dentro do ámbito de aplicación deste regulamento, os proxectos e estudos de interese e coordinar a participación en programas financeiros e subvencións procedentes da Unión Europea.

k) Colaborar cos ministerios e organismos integrados no Sistema na elaboración de toda norma sectorial que se dite en desenvolvemento da Lei 8/2011, do 28 de abril, e deste regulamento.

l) Calquera outra función que, eventualmente, poida acordar a Comisión Delegada do Goberno para Situacións de Crise.

Artigo 7. *O Centro Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.*

O CNPIC do Ministerio do Interior, organicamente dependente da Secretaría de Estado de Seguridade, terá o nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo, e desempeñará as seguintes funcións:

a) Asistir o secretario de Estado de Seguridade na execución das súas funcións en materia de protección de infraestruturas críticas, actuando como órgano de contacto e coordinación cos axentes do Sistema.

b) Executar e manter actualizado o Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas conforme o previsto no artigo 16 deste regulamento.

c) Determinar a criticidade das infraestruturas estratéxicas incluídas no Catálogo.

d) Manter operativo e actualizado o Catálogo e establecer os procedementos de alta, baixa e modificación das infraestruturas, tanto nacionais como europeas, que nel se inclúan en virtude dos criterios horizontais e dos efectos de interdependencias sectoriais a partir da información que lle subministren os operadores e o resto de axentes do Sistema, así como establecer a súa clasificación interna.

e) Levar a cabo as seguintes funcións respecto aos instrumentos de planificación previstos neste regulamento:

Dirixir e coordinar as análises de riscos que realicen os organismos especializados, públicos ou privados, sobre cada un dos sectores estratéxicos no marco dos plans estratéxicos sectoriais, para o seu estudo e deliberación polo Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.

Establecer os contidos mínimos dos plans de seguridade dos operadores, dos plans de protección específicos e dos plans de apoio operativo e supervisar o proceso de elaboración destes, e recomendar, se for o caso, a orde de preferencia das contramedidas e os procedementos que se adoptarán para garantir a súa protección ante ataques deliberados.

Avaliar, tras a emisión dos correspondentes informes técnicos especializados, os plans de seguridade do operador e propolos, de ser o caso, para a súa aprobación, ao secretario de Estado de Seguridade, ou órgano en quen delegue.

Analizar os plans de protección específicos facilitados polos operadores críticos respecto ás diferentes infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas da súa titularidade e propolos, se for o caso, para a súa aprobación, ao secretario de Estado de Seguridade, ou órgano en quen delegue.

Validar os plans de apoio operativo deseñados para cada unha das infraestruturas críticas existentes no territorio nacional polo corpo policial estatal ou, de ser o caso, autonómico competente, logo de informe, respectivamente, das delegacións do Goberno nas comunidades autónomas ou das comunidades autónomas que teñan competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública.

f) Elevar ao secretario de Estado de Seguridade, ou órgano en quen delegue, as propostas para a declaración dunha zona como crítica que se efectúen.

g) Implantar, baixo o principio xeral de confidencialidade, mecanismos permanentes de información, alerta e comunicación con todos os axentes do Sistema.

h) Recompilar, analizar, integrar e valorar a información sobre infraestruturas estratéxicas procedente de institucións públicas, servizos policiais, operadores e dos diversos instrumentos de cooperación internacional para a súa remisión ao Centro Nacional de Coordinación Antiterrorista do Ministerio do Interior ou a outros organismos autorizados.

i) Participar na realización de exercicios e simulacros no ámbito da protección das infraestruturas críticas.

j) Coordinar os traballos e a participación de expertos nos diferentes grupos de traballo e reunións sobre protección de infraestruturas críticas, nos ámbitos nacional e internacional.

k) Ser, no ámbito da protección das infraestruturas críticas, o punto nacional de contacto con organismos internacionais e coa Comisión Europea, así como elevar a esta, con consulta previa ao Centro Nacional de Coordinación Antiterrorista, os informes sobre avaliación de ameazas e tipos de vulnerabilidades e riscos encontrados en cada un dos sectores en que se designasen infraestruturas críticas europeas, nos prazos e condicións marcados pola directiva.

l) Executar as accións derivadas do cumprimento da Directiva 2008/114/CE en representación da Secretaría de Estado de Seguridade.

Artigo 8. Os ministerios e organismos integrados no Sistema de Protección de Infraestruturas Críticas.

Os ministerios e organismos do Sistema a que se refire o artigo 8 da Lei 8/2011, do 28 de abril, terán as seguintes competencias:

a) Participar, a través do Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas, co apoio, se é o caso, dos operadores, na elaboración dos plans estratéxicos sectoriais, así como revisalos e actualizalos nos termos previstos neste regulamento.

b) Verificar, no ámbito das súas competencias, o cumprimento dos plans estratéxicos sectoriais e das actuacións derivadas destes, con excepción das que se correspondan con medidas de seguridade concretas establecidas en infraestruturas específicas, ou as que deban ser realizadas por outros órganos da Administración xeral do Estado, conforme a súa lexislación específica.

c) Colaborar coa Secretaría de Estado de Seguridade tanto na designación dos operadores críticos como na elaboración de toda norma sectorial que se dite en desenvolvemento da Lei 8/2011, do 28 de abril, así como deste regulamento.

d) Proporcionar asesoramento técnico á Secretaría de Estado de Seguridade na catalogación das infraestruturas dentro do seu sector de competencia e pór á disposición do CNPIC, se é o caso, a información técnica que axude a determinar a súa criticidade, para a súa inclusión, exclusión ou modificación no Catálogo.

e) Custodiar, nos termos da normativa sobre materias clasificadas e segredos oficiais, a información sensible sobre protección de infraestruturas estratéxicas de que dispoñan en calidade de axentes do Sistema.

f) Designar unha persoa para participar nos grupos de traballo sectoriais que, eventualmente, se poidan crear no ámbito da protección de infraestruturas críticas.

g) Participar, por solicitude do CNPIC ou por iniciativa propia, nos diferentes grupos de traballo e reunións sobre protección de infraestruturas críticas relacionadas co seu sector de coordinación, nos ámbitos nacional e internacional.

h) Colaborar coa Secretaría de Estado de Seguridade nas accións derivadas do cumprimento da Directiva 2008/114/CE, conforme o disposto no artigo 7, alínea I), deste regulamento.

i) Participar no proceso de clasificación dunha infraestrutura como crítica, incluíndo o exercicio da facultade de proposta a tal fin.

Artigo 9. As delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía.

Baixo a autoridade do secretario de Estado de Seguridade, e no exercicio das súas competencias, os delegados do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía terán, respecto das infraestruturas críticas localizadas no seu territorio, as seguintes facultades:

a) Coordinar a actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado ante unha alerta de seguridade, e velar pola aplicación do Plan Nacional de Protección de Infraestruturas Críticas en caso de activación deste.

b) Colaborar, en función do seu ámbito territorial de actuación, con outros órganos da Administración ou organismos públicos competentes conforme a súa lexislación específica, así como coas delegacións territoriais doutros ministerios e organismos do Sistema nas accións que se desenvolvan para o cumprimento dos plans sectoriais vixentes en materia de protección de infraestruturas críticas.

c) Participar na implantación dos diferentes plans de protección específicos naquelas infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas existentes no seu territorio, nos termos en que se expresa o capítulo IV do título III deste regulamento.

d) Intervir, a través do corpo policial estatal competente, e en colaboración co responsable de seguridade da infraestrutura, na implantación dos diferentes plans de apoio operativo naquelas infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas existentes no seu territorio, conforme o establecido no capítulo V do título III deste regulamento.

e) Propor á Secretaría de Estado de Seguridade a través do CNPIC a declaración de zona crítica sobre a base da existencia de varias infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas nunha zona xeográfica continua, co fin de lograr unha protección coordinada entre os diferentes operadores titulares e as forzas e corpos de seguridade.

f) Custodiar a información sensible sobre protección de infraestruturas estratéxicas de que dispoñan en calidade de axentes do Sistema, en aplicación da normativa vixente sobre materias clasificadas e segredos oficiais.

Artigo 10. As comunidades autónomas e as cidades con estatuto de autonomía.

1. As comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública desenvolverán, sobre as infraestruturas instaladas no seu territorio, as facultades previstas nas alíneas c), d), e) e f) do artigo anterior dada a existencia nelas de corpos policiais autonómicos, e sen prexuízo de que as respectivas delegacións do Goberno nas ditas comunidades autónomas teñan coñecemento da información sensible e dos plans a que se refire o presente regulamento.

2. En todo caso, a coordinación das actuacións que se leven a cabo en materia de protección das infraestruturas críticas entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e

os corpos policiais das comunidades autónomas con competencias en materia de seguridade, rexeráse polo estipulado nos acordos das xuntas de seguridade correspondentes.

3. As comunidades autónomas non incluídas no punto primeiro do presente artigo participarán no Sistema e nos seus órganos colexiados de acordo coas competencias que lles recoñezan os seus respectivos estatutos de autonomía.

4. De acordo co disposto nos seus estatutos de autonomía, as cidades de Ceuta e Melilla, a través dos seus consellos de goberno e de acordo coa delegación de Goberno respectiva, poderán emitir os oportunos informes e propostas en relación coa adopción de medidas específicas sobre as infraestruturas críticas e críticas europeas situadas no seu territorio.

Artigo 11. *A Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas.*

1. A Comisión Nacional para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, a Comisión) desempeñará as seguintes funcións:

a) Preservar, garantir e promover a existencia dunha cultura de seguridade das infraestruturas críticas no ámbito das administracións públicas.

b) Promover a aplicación efectiva das disposicións da Lei 8/2011, do 28 de abril, pola que se establecen medidas para a protección das infraestruturas críticas por parte de todos os suxeitos responsables do sistema de protección de infraestruturas críticas, a partir dos informes emitidos ao respecto por parte do Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.

c) Levar a cabo as seguintes actuacións por proposta do Grupo de Traballo:

Aprobar os plans estratéxicos sectoriais.

Designar os operadores críticos.

Aprobar a creación, modificación ou supresión de grupos de traballo sectoriais ou de carácter técnico, e establecer os seus obxectivos e os seus marcos de actuación.

d) Impulsar aquelas outras tarefas que se consideren precisas no marco da cooperación interministerial para a protección das infraestruturas críticas.

2. A Comisión será presidida polo secretario de Estado de Seguridade, e os seus membros serán:

a) En representación do Ministerio do Interior:

O director xeral da Policía e da Garda Civil.

O director xeral de Protección Civil e Emerxencias.

O director do CNPIC, que exercerá as funcións de secretario da Comisión.

b) En representación do Ministerio de Defensa, o director xeral de Política de Defensa.

c) En representación do Centro Nacional de Intelixencia, un director xeral designado polo secretario de Estado-director daquel.

d) En representación do Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise, o seu director.

e) En representación do Consello de Seguridade Nuclear, o director técnico de Protección Radiolóxica.

f) En representación de cada un dos ministerios integrados no Sistema, unha persoa con rango igual ou superior a director xeral, designada polo titular do departamento ministerial correspondente en razón do sector de actividade material que corresponda.

3. Ademais dos membros mencionados no punto anterior, asistirá ás reunións da Comisión un representante con voz e voto por cada unha das comunidades autónomas que teñan competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e

bens e para o mantemento da orde pública. Tamén participará, igualmente con voz e voto, un representante da asociación de entidades locais de maior implantación a nivel nacional nas reunións.

Se for o caso, e cando a súa presenza e criterio resulte imprescindible por razón dos temas que se van tratar, poderán ser convocados, por decisión do seu presidente, organismos, expertos ou outras administracións públicas.

4. A Comisión reunirse polo menos unha vez ao ano, con carácter ordinario, e de forma extraordinaria cando así se considere oportuno logo de convocatoria do seu presidente, quen determinará a orde do día da reunión nos termos previstos para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A secretaría da Comisión radicará no director do CNPIC.

5. A Comisión será asistida polo Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.

Artigo 12. O Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas.

1. O Grupo de Traballo Interdepartamental para a Protección das Infraestruturas Críticas (en diante, o Grupo de Traballo) desempeña as seguintes funcións:

a) Elaborar, coa colaboración dos axentes do Sistema afectados e o asesoramento técnico pertinente, os diferentes plans estratéxicos sectoriais para a súa presentación á Comisión, conforme o previsto no título III, capítulo II, deste regulamento.

b) Propor á Comisión a designación dos operadores críticos por cada un dos sectores estratéxicos definidos.

c) Propor á Comisión a creación, modificación ou supresión de grupos de traballo sectoriais ou de carácter técnico, supervisando, coordinando e efectuando o seguimento destes e dos seus traballos e informando oportunamente dos resultados obtidos á Comisión.

d) Efectuar os estudos e traballos que, no marco deste regulamento, lle encomende a Comisión. Para isto poderá contar, se é necesario, co apoio de persoal técnico especializado.

2. O Grupo de Traballo estará presidido polo director do CNPIC, e estará composto por:

a) Un representante de cada un dos ministerios do Sistema, designados polo titular do departamento ministerial correspondente.

b) Un representante da Dirección Adxunta Operativa do Corpo Nacional de Policía, designado polo titular desta.

c) Un representante da Dirección Adxunta Operativa da Garda Civil, designado polo seu titular.

d) Un representante da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, designado polo titular desta.

e) Un representante do Estado Maior Conxunto da Defensa, designado polo xefe do Estado Maior da Defensa.

f) Un representante do Centro Nacional de Intelixencia, designado polo secretario de Estado director do dito Centro.

g) Un representante do Departamento de Infraestrutura e Seguimento para Situacións de Crise, designado polo titular do Ministerio da Presidencia ou órgano en quen delegue, por proposta do director do Gabinete da Presidencia do Goberno.

h) Un representante do Consello de Seguridade Nuclear, designado polo presidente do dito organismo.

i) Un representante do CNPIC, con funcións de secretario.

3. Ademais dos membros mencionados no punto anterior, asistirá ás reunións do Grupo de Traballo un representante, con voz e voto por cada unha das comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de bens e persoas e para o mantemento da orde pública. Así mesmo, participará con voz e voto un representante da asociación de entidades locais de maior implantación a nivel nacional nas reunións.

Por decisión do seu presidente, poderán asistir aquelas outras administracións públicas, organismos ou expertos cuxo asesoramento técnico se considere preciso en razón dos temas que se vaian tratar.

4. O Grupo de Traballo reunirse polo menos dúas veces ao ano, con carácter ordinario, e de forma extraordinaria cando así se considere oportuno por convocatoria do seu presidente, quen determinará a orde do día da reunión. A secretaría radicará nun dos funcionarios que prestan servizos no CNPIC, por decisión do seu director.

5. Para o exercicio das competencias que este regulamento atribúe ao Grupo de Traballo, poderán constituírse outros grupos de traballo sectoriais para os sectores ou subsectores incluídos no anexo da Lei 8/2011, do 28 de abril, nos cales poderán participar, ademais do CNPIC e o correspondente ministerio ou organismo do Sistema, os operadores críticos e outros axentes do Sistema.

Artigo 13. *Operadores críticos.*

1. Os operadores críticos serán os axentes integrantes do Sistema, que, procedentes tanto do sector público como do sector privado, reúnan as condicións establecidas no artigo 13 da Lei 8/2011, do 28 de abril.

2. En aplicación do previsto na citada lei, corresponde aos operadores críticos:

a) Prestar a súa colaboración técnica á Secretaría de Estado de Seguridade, a través do CNPIC, na valoración das infraestruturas propias que se acheguen ao Catálogo. Por isto, deberán actualizar os datos dispoñibles cunha periodicidade anual e, en todo caso, por requirimento ou validación previa do CNPIC.

b) Colaborar, se é o caso, co Grupo de Traballo, na elaboración dos plans estratéxicos sectoriais e na realización das análises de riscos sobre os sectores estratéxicos onde se encontren incluídos.

c) Elaborar o plan de seguridade do operador e proceder á súa actualización periodicamente ou cando as circunstancias así o exixan, conforme o que establece o capítulo III, título III do presente regulamento.

d) Elaborar un plan de protección específico por cada unha das infraestruturas consideradas como críticas no Catálogo así como proceder á súa actualización periodicamente ou cando as circunstancias así o exixan, conforme o establecido no capítulo IV, título III do presente regulamento.

e) Designar un responsable de seguridade e enlace, en virtude do disposto no artigo 34 do presente regulamento.

f) Designar un delegado de seguridade por cada unha das súas infraestruturas consideradas críticas ou críticas europeas pola Secretaría de Estado de Seguridade, e comunicar a súa designación aos órganos correspondentes en virtude do disposto no artigo 35 do presente regulamento.

g) Facilitar as inspeccións que as autoridades competentes leven a cabo para verificar o cumprimento da normativa sectorial, no marco do establecido no título III deste regulamento.

Artigo 14. *Designación dos operadores críticos.*

1. Para a designación dunha empresa ou organismo como operador crítico, abondará con que polo menos unha das infraestruturas xestionadas por el reúna a consideración de infraestrutura crítica, en aplicación dos criterios previstos no artigo 2, alínea h), da Lei 8/2011, do 28 de abril. En tal caso, o CNPIC elaborará unha proposta de resolución e notificaralla ao titular ou administrador daquelas.

2. A citada proposta conterá a intención de designar o titular ou administrador da instalación ou instalacións como operador crítico.

3. O interesado disporá dun prazo de quince días contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación para remitir ao CNPIC as alegacións que considere procedentes, transcorrido o cal a Comisión, por proposta do Grupo de Traballo, ditará a resolución en que se designará, se é o caso, o dito operador, como crítico. Contra esta resolución poderase recorrer en alzada perante o secretario de Estado de Seguridade, e, eventualmente, con posterioridade, ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos termos xerais previstos na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo e da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. As comunicacións co interesado terán en conta, en todo caso, a clasificación de seguridade que corresponda segundo a normativa vixente.

Artigo 15. *Interlocución cos operadores críticos.*

1. Os operadores críticos do sector privado terán no CNPIC o punto directo de interlocución coa Secretaría de Estado de Seguridade no relativo ás responsabilidades, funcións e obrigas recollidas na Lei 8/2011, do 28 de abril, e no previsto neste regulamento.

2. Naqueles casos en que os operadores críticos do sector público estean vinculados ou dependan dunha Administración pública, o órgano da dita Administración que teña competencias por razón da materia poderá constituírse no interlocutor co Ministerio do Interior a través do CNPIC no relativo ás responsabilidades, funcións e obrigas recollidas na Lei 8/2011, do 28 de abril, e no previsto neste regulamento, e deberá comunicar esta decisión ao CNPIC.

TÍTULO III

Instrumentos de planificación

CAPÍTULO I

O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas

Artigo 16. *Finalidade, elaboración e contido.*

1. O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas é o instrumento de programación do Estado elaborado pola Secretaría de Estado de Seguridade e dirixido a manter seguras as infraestruturas españolas que proporcionan os servizos esenciais á sociedade.

2. O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas establecerá os criterios e as directrices precisas para mobilizar as capacidades operativas das administracións públicas en coordinación cos operadores críticos, articulando as medidas preventivas necesarias para asegurar a protección permanente, actualizada e homoxénea do noso sistema de infraestruturas estratéxicas fronte ás ameazas provenientes de ataques deliberados contra elas.

3. Así mesmo, o Plan preverá distintos niveis de seguridade e intervención policial, que se activarán, en cada caso, en función dos resultados da avaliación da ameaza e coordinadamente co Plan de Prevención e Protección Antiterrorista en vigor, ao cal se deberá adaptar.

Os distintos niveis de seguridade conterán a adopción graduada de dispositivos e medidas de protección ante situacións de incremento da ameaza contra as infraestruturas estratéxicas nacionais e requirirán o concurso das forzas e corpos de seguridade, das Forzas Armadas, se for o caso, e dos responsables dos organismos ou titulares ou xestores das infraestruturas que hai que protexer.

Artigo 17. *Aprobación, rexistro e clasificación.*

1. O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas será aprobado por resolución do titular da Secretaría de Estado de Seguridade e quedará rexistrado no CNPIC, sen prexuízo de que aqueloutros organismos que o necesiten coñecer sexan autorizados para acceder a el polo secretario de Estado de Seguridade.

2. O Plan estará clasificado conforme o que establece a lexislación vixente en materia de segredos oficiais, e deberá constar expresamente tal clasificación no instrumento da súa aprobación.

Artigo 18. *Revisión e actualización.*

1. O Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas será revisado cada cinco anos pola Secretaría de Estado de Seguridade.

2. A modificación dalgún dos datos ou instrucións incluídos no Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas obrigará á súa automática actualización, que será levada a cabo polo CNPIC e requirirá a aprobación expresa do secretario de Estado de Seguridade.

CAPÍTULO II

Os plans estratéxicos sectoriais

Artigo 19. *Finalidade, elaboración e contido.*

1. Os plans estratéxicos sectoriais son os instrumentos de estudo e planificación con alcance en todo o territorio nacional que permitirán coñecer, en cada un dos sectores recollidos no anexo da Lei 8/2011, do 28 de abril, cales son os servizos esenciais proporcionados á sociedade, o funcionamento xeral destes, as vulnerabilidades do sistema, as consecuencias potenciais da súa inactividade e as medidas estratéxicas necesarias para o seu mantemento.

2. O Grupo de Traballo, coordinado polo CNPIC, elaborará coa participación e asesoramento técnico dos operadores afectados, se é o caso, un plan estratéxico por cada un dos sectores ou subsectores de actividade que se determinen.

3. Os plans estratéxicos sectoriais estarán baseados nunha análise xeral de riscos onde se recollan as vulnerabilidades e ameazas potenciais, tanto de carácter físico como lóxico, que afecten o sector ou subsector en cuestión no ámbito da protección das infraestruturas estratéxicas.

4. Cada plan estratéxico sectorial conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Análise de riscos, vulnerabilidades e consecuencias a nivel global.

b) Propostas de implantación de medidas organizativas e técnicas necesarias para prever, reaccionar e, se é o caso, paliar, as posibles consecuencias dos diferentes escenarios que se prevexan.

c) Propostas de implantación doutras medidas preventivas e de mantemento (por exemplo, exercicios e simulacros, preparación e instrución do persoal, articulación das canles de comunicación precisas, plans de evacuación ou plans operativos para abordar posibles escenarios adversos).

d) Medidas de coordinación co Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas.

5. Os plans estratéxicos sectoriais poderán constituírse tendo en conta outros plans ou programas xa existentes, creados sobre a base da súa propia lexislación específica sectorial. Cando os referidos plans ou programas sectoriais reúnan os aspectos a que se refire o punto cuarto, poderán adoptarse estes como plan estratéxico sectorial do sector ou subsector correspondente.

Artigo 20. Aprobación, rexistro e clasificación.

1. Os plans estratéxicos sectoriais deberán ser aprobados pola Comisión no prazo máximo de doce meses a partir da entrada en vigor do presente real decreto.

2. O CNPIC xestionará e custodiará un rexistro central de todos os plans estratéxicos sectoriais existentes, unha vez que estes sexan aprobados pola Comisión. Os ministerios e organismos do Sistema terán acceso aos plans daqueles sectores para os cales sexan competentes.

3. Os plans estratéxicos sectoriais estarán clasificados conforme o que establece a lexislación vixente en materia de segredos oficiais, e deberá constar expresamente no instrumento da súa aprobación. O CNPIC será responsable de garantir aos axentes do Sistema autorizados o acceso a toda ou parte da información contida nos ditos plans.

Artigo 21. Revisión e actualización.

1. Os plans estratéxicos sectoriais deberán ser revisados cada dous anos polos ministerios e organismos do Sistema.

2. A modificación dalgún dos datos incluídos nos plans estratéxicos sectoriais obrigará á automática actualización destes, que será levada a cabo polos ministerios e organismos do Sistema que sexan competentes no sector afectado e será posteriormente aprobada pola Comisión.

CAPÍTULO III

Os plans de seguridade do operador

Artigo 22. Finalidade, elaboración e contido.

1. Os plans de seguridade do operador son os documentos estratéxicos definidores das políticas xerais dos operadores críticos para garantir a seguridade do conxunto de instalacións ou sistemas da súa propiedade ou xestión.

2. No prazo de seis meses a partir da notificación da resolución da súa designación, cada operador crítico deberá ter elaborado un plan de seguridade do operador e presentalo ao CNPIC, que o avaliará e emitirá informe sobre el para que o aprobe, se procede, o secretario de Estado de Seguridade ou o órgano en que este delegue.

3. Os plans de seguridade do operador deberán establecer unha metodoloxía de análise de riscos que garanta a continuidade dos servizos proporcionados polo dito operador e en que se recollan os criterios de aplicación das diferentes medidas de seguridade que se implanten para facer fronte ás ameazas tanto físicas como lóxicas identificadas sobre cada unha das tipoloxías dos seus activos.

4. A Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, a través do CNPIC, establecerá, coa colaboración dos ministerios do Sistema e organismos dependentes, os contidos mínimos dos plans de seguridade do operador, así como o modelo en que basear a elaboración destes.

Artigo 23. Aprobación, rexistro e clasificación.

1. O secretario de Estado de Seguridade, ou órgano en que este delegue, logo do informe do CNPIC, aprobará o plan de seguridade do operador ou as propostas de mellora deste, e notificará a resolución ao interesado no prazo máximo de dous meses.

2. Xunto coa resolución de aprobación ou modificación, o CNPIC, tomando, se é o caso, como referencia as actuacións do organismo regulador competente en virtude da normativa sectorial aplicable, efectuará ao operador crítico as recomendacións que considere pertinentes, e proporalle en todo caso un calendario de implantación gradual onde se fixe a orde de preferencia das medidas e os procedementos que se adoptarán.

3. O CNPIC xestionará e custodiará un rexistro central de todos os plans de seguridade do operador existentes, unha vez que estes sexan aprobados polo secretario de Estado de

Seguridade. Os axentes do Sistema poderán ter acceso aos plans, coa comprobación previa polo CNPIC da súa necesidade de coñecer e coa autorización correspondente.

4. Os plans de seguridade do operador estarán clasificados conforme o que establece a lexislación vixente en materia de segredos oficiais, e deberá constar expresamente no instrumento da súa aprobación. O CNPIC será responsable de garantir aos axentes do Sistema autorizados o acceso a toda ou parte da información contida nos ditos plans velando pola confidencialidade e a seguridade desta. Pola súa parte, os operadores críticos responsables da elaboración dos respectivos plans deberán custodialos implantando as medidas de seguridade da información exixibles conforme a lei.

Artigo 24. *Revisión e actualización.*

1. Os plans de seguridade do operador deberán ser revisados cada dous anos polos operadores críticos e aprobados polo CNPIC. Este poderá requirir en calquera momento información concreta sobre o estado de implantación do plan de seguridade do operador.

2. A modificación dalgún dos datos incluídos nos plans de seguridade do operador obrigará á automática actualización destes, que será levada a cabo polos operadores críticos responsables e requirirá a aprobación expresa do CNPIC.

CAPÍTULO IV

Os plans de protección específicos

Artigo 25. *Finalidade, elaboración e contido.*

1. Os plans de protección específicos son os documentos operativos onde se deben definir as medidas concretas xa adoptadas e as que vaian adoptar os operadores críticos para garantir a seguridade integral (física e lóxica) das súas infraestruturas críticas.

2. No prazo de catro meses a partir da aprobación do plan de seguridade do operador, cada operador crítico deberá ter elaborado un plan de protección específico por cada unha das súas infraestruturas críticas así consideradas pola Secretaría de Estado de Seguridade e presentalo ao CNPIC. Igual procedemento e prazos se establecerán cando se identifique unha nova infraestrutura crítica.

3. Os plans de protección específicos das diferentes infraestruturas críticas incluírán todas aquelas medidas que os respectivos operadores críticos consideren necesarias en función das análises de riscos realizadas respecto das ameazas, en particular, as de orixe terrorista, sobre os seus activos, incluíndo os sistemas de información.

4. Cada plan de protección específico deberá recoller a adopción tanto de medidas permanentes de protección, sobre a base do disposto no parágrafo anterior, como de medidas de seguridade temporais e graduadas, que virán, se é o caso, determinadas pola activación do Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, ou ben como consecuencia das comunicacións que as autoridades competentes poidan efectuar ao operador crítico en relación cunha ameaza concreta sobre unha ou varias infraestruturas por el xestionadas.

5. A Secretaría de Estado de Seguridade, a través do CNPIC, establecerá os contidos mínimos dos plans de protección específicos, así como o modelo en que fundamentar a estrutura e a compleción destes que, en todo caso, cumprirán as directrices marcadas polos seus respectivos plans de seguridade do operador.

Artigo 26. *Aprobación, rexistro e clasificación.*

1. A Secretaría de Estado de Seguridade notificaralle ao interesado, no prazo máximo de dous meses contados a partir da recepción, a súa resolución coa aprobación dos diferentes plans de protección específicos ou das eventuais propostas de mellora destes. Previamente, a través do CNPIC, solicitarase informe preceptivo das delegacións do Goberno nas respectivas comunidades autónomas ou nas cidades con estatuto de autonomía en que se considerará, se for o caso, o criterio dos órganos competentes das

comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, así como do órgano ou organismo competente para outorgar aos operadores críticos as autorizacións correspondentes segundo a lexislación sectorial vixente.

2. Xunto á resolución de aprobación ou modificación, o CNPIC, baseándose nos informes mencionados no punto anterior, efectuaralle ao operador crítico as recomendacións que considere pertinentes, e proporá en todo caso un calendario de implantación gradual onde se fixe a orde de preferencia das medidas e os procedementos que se adoptarán sobre as infraestruturas afectadas.

3. As delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se é o caso, o órgano competente das comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, manterán un rexistro onde figuren, unha vez que sexan aprobados polo secretario de Estado de Seguridade, todos os plans de protección específicos das infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas localizadas na súa demarcación, e que deberán manter permanentemente actualizado. En calquera caso e sobre a base do anterior, o CNPIC xestionará e custodiará un rexistro central de todos os plans de protección específicos existentes. Os axentes do Sistema poderán ter acceso aos plans, logo de que o CNPIC comprobe a súa necesidade de coñecer e coa autorización correspondente.

4. Os plans de protección específicos estarán clasificados conforme o que establece a lexislación vixente en materia de segredos oficiais, e deberá constar expresamente no instrumento da súa aprobación. O CNPIC será responsable de garantir aos axentes do Sistema autorizados o acceso a toda ou a parte da información contida nos ditos plans velando pola confidencialidade e a seguridade desta. Pola súa parte, os axentes do Sistema responsables da elaboración dos respectivos plans e aqueles encargados do seu rexistro deberán custodialos implantando as medidas de seguridade da información exixibles conforme a lei.

Artigo 27. *Revisión e actualización.*

1. Os plans de protección específicos deberán ser revisados cada dous anos polos operadores críticos, revisión que deberá ser aprobada polas delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se é o caso, polo órgano competente das comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, e polo CNPIC.

2. A modificación dalgún dos datos incluídos nos plans de protección específicos obrigará á automática actualización destes, que será levada a cabo polos operadores críticos responsables e requirirá a aprobación expresa do CNPIC.

Artigo 28. *Aplicación e seguimento.*

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas velarán pola correcta execución dos diferentes plans de protección específicos e terán facultades de inspección no ámbito da protección de infraestruturas críticas. Estas facultades deberanse desenvolver, se é o caso, de forma coordinada coas facultades inspectoras do órgano ou organismo competente para outorgar aos operadores críticos as autorizacións correspondentes segundo a lexislación sectorial vixente.

2. Naquelas comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, as facultades de inspección serán exercidas polos seus órganos competentes, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable e da necesaria coordinación coas delegacións do Goberno nas ditas comunidades e os outros organismos reguladores competentes en virtude da súa normativa sectorial.

3. En exercicio dese seguimento, os organismos competentes poderán en todo momento requirir do responsable das infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas

européas a situación actualizada da implantación das medidas propostas nas resolucións de aprobación ou modificación dos plans de protección específicos elaborados en caso de variación das circunstancias que determinaron a súa adopción, ou ben para adecualos á normativa vixente que os afecte, dando conta do resultado disto á Secretaría de Estado de Seguridade, a través do CNPIC.

4. As facultades de inspección nas instalacións portuarias, así como naqueles outros puntos ou establecementos considerados críticos que se encontren integrados nun porto, serán establecidas de acordo co previsto no Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro.

Artigo 29. Compatibilidade con outros plans existentes.

1. A elaboración dos plans de protección específicos para cada unha das infraestruturas críticas efectuarase sen prexuízo do obrigado cumprimento do exixido polo Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, o Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, a normativa de seguridade privada ou calquera outra regulamentación sectorial específica que lle sexa de aplicación.

2. As instalacións nucleares e instalacións radioactivas que se consideren críticas reguladas no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, modificado polo Real decreto 35/2008, do 18 de xaneiro, integrarán os seus plans de protección específicos nos respectivos plans de protección física e rexeranse, no relativo á súa aprobación e avaliación, polo establecido na súa normativa sectorial específica, sen prexuízo do que lle sexa de aplicación segundo a Lei 8/2011, do 28 de abril.

3. As instalacións portuarias, así como aquelos outros puntos ou establecementos considerados críticos que se encontren integrados nun porto, conforme o disposto no Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e o transporte marítimo, integrarán os seus plans de protección específicos nos plans de protección de portos previstos no citado real decreto e rexeranse, no relativo á súa aprobación e avaliación, polo establecido nesa norma, sen prexuízo do que lle sexa de aplicación segundo a Lei 8/2011, do 28 de abril.

4. No caso de aeroportos, aeródromos e instalacións de navegación aérea consideraranse plans de protección específicos os respectivos programas de seguridade dos aeroportos aprobados conforme o disposto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, modificada pola Lei 1/2011, do 4 de marzo, pola que se establece o Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil e se modifica a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e no Real decreto 550/2006, do 5 de maio, polo que se designa a autoridade competente responsable da coordinación e seguimento do Programa nacional de seguridade para a aviación civil e se determina a organización e funcións do Comité Nacional de Seguridade da Aviación Civil. Non obstante, o Ministerio do Interior, a través do seu representante no Comité Nacional de Seguridade da Aviación Civil poderá propor contidos adicionais, de conformidade co establecido no artigo 25, punto quinto deste real decreto.

CAPÍTULO V

Os plans de apoio operativo

Artigo 30. Finalidade, elaboración e contido.

1. Os plans de apoio operativo son os documentos operativos onde se deben plasmar as medidas concretas que deberán pór en marcha as administracións públicas en apoio dos operadores críticos para a mellor protección das infraestruturas críticas.

2. Por cada unha das infraestruturas críticas e infraestruturas críticas europeas dotadas dun plan de protección específico e sobre a base dos datos contidos neste, a

delegación do Goberno na comunidade autónoma ou, se é o caso, o órgano competente da comunidade autónoma, supervisará a realización dun plan de apoio operativo por parte do corpo policial estatal, ou se é o caso autonómico, con competencia na demarcación territorial de que se trate. Para a súa elaboración, que se deberá realizar nun prazo de catro meses a partir da aprobación do respectivo plan de protección específico, contarase coa colaboración do responsable de seguridade da infraestrutura.

3. Sobre a base dos seus correspondentes plans de protección específicos, os plans de apoio operativo deberán recoller, se as instalacións o precisan, as medidas planificadas de vixilancia, prevención, protección e reacción que deberán adoptar as unidades policiais e, se é o caso, das Forzas Armadas, cando se produza a activación do Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas, ou ben de confirmarse a existencia dunha ameaza inminente sobre estas infraestruturas. Estas medidas serán sempre complementarias a aquelas de carácter gradual que fosen previstas polos operadores críticos nos seus respectivos plans de protección específicos.

4. O CNPIC establecerá os contidos mínimos dos plans de apoio operativo, así como o modelo en que fundamentar a estrutura e desenvolvemento destes, que se basearán na parte que lles corresponda na información contida nos respectivos plans de protección específicos.

5. O Ministerio de Defensa poderá acceder aos plans de apoio operativo daquelas infraestruturas críticas ou infraestruturas críticas europeas que, en caso de activarse o Plan Nacional de Protección das Infraestruturas Críticas e para os efectos de coordinar os correspondentes apoios das Forzas Armadas, se considere oportuno, logo de estudo conxunto dos mencionados apoios.

Artigo 31. *Aprobación, rexistro e clasificación.*

1. Os plans de apoio operativo serán validados e aprobados pola Secretaría de Estado de Seguridade, a través do CNPIC.

2. As delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se é o caso, o órgano competente de cada comunidade autónoma con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, manterán un rexistro onde consten, unha vez que sexan validados, todos os plans de apoio operativo das infraestruturas críticas e infraestruturas críticas europeas localizadas na súa demarcación, e que deberán manter permanentemente actualizado. En calquera caso e sobre a base do anterior, o CNPIC xestionará e custodiará un rexistro central de todos os plans de apoio operativo existentes. Os axentes do Sistema poderán ter acceso aos plans, logo de que o CNPIC comprobe a súa necesidade de coñecer e coa autorización correspondente.

3. Os plans de apoio operativo estarán clasificados conforme o que establece a lexislación vixente en materia de segredos oficiais, e deberá constar expresamente no instrumento da súa aprobación. O CNPIC será responsable de garantir aos axentes do Sistema autorizados o acceso a toda ou a parte da información contida nos ditos plans velando pola confidencialidade e a seguridade desta. Pola súa parte, os axentes do Sistema responsables da elaboración e rexistro dos respectivos plans deberán custodialos implantando as medidas de seguridade da información exixibles conforme a lei.

Artigo 32. *Revisión e actualización.*

1. Os plans de apoio operativo deberán ser revisados cada dous anos polo corpo policial estatal, ou de ser o caso autonómico, con competencia na demarcación territorial de que se trate, revisión que deberá ser aprobada polas delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se for o caso, polo órgano competente das comunidades autónomas con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, e requirirá a aprobación expresa do CNPIC.

2. A modificación dalgún dos datos incluídos nos plans de apoio operativo obrigará á automática actualización destes, que se levará a cabo mediante o procedemento previsto no punto primeiro.

TÍTULO IV

Comunicacións entre os operadores críticos e as administracións públicas

Artigo 33. Seguridade das comunicacións.

1. O CNPIC será o responsable de administrar os sistemas de xestión da información e comunicacións que se deseñen no ámbito da protección das infraestruturas críticas, que deberá contar para isto co apoio e colaboración dos axentes do Sistema e de todos aqueles outros organismos ou entidades afectados.

2. A seguridade dos sistemas de información e comunicacións previstos neste real decreto será acreditada e, se é o caso, certificada polo Centro Criptolóxico Nacional do Centro Nacional de Intelixencia, de acordo coas competencias establecidas na súa normativa específica.

3. A Presidencia do Goberno facilitará o uso da Malla B, sistema soporte de comunicacións estratéxicas seguras do Sistema Nacional de Xestión de Crise e da Presidencia do Goberno, a través do cal os axentes do Sistema autorizados poderán acceder á información dispoñible no Catálogo, cos niveis de acceso que se determinen.

Artigo 34. O responsable de seguridade e enlace.

1. No prazo de tres meses desde a súa designación como operadores críticos, estes nomearán e comunicarán á Secretaría de Estado de Seguridade, a través do CNPIC, o nome do responsable de seguridade e enlace nos termos e cos requisitos previstos polo artigo 16 da Lei 8/2011, do 28 de abril.

2. O responsable de seguridade e enlace representará o operador crítico ante a Secretaría de Estado de Seguridade en todas as materias relativas á seguridade das súas infraestruturas e os diferentes plans especificados neste regulamento, canalizando, se é o caso, as necesidades operativas e informativas que xurdan ao respecto.

Artigo 35. O delegado de seguridade da infraestrutura crítica.

1. No prazo de tres meses desde a identificación como crítica ou crítica europea, dunha das súas infraestruturas, os operadores críticos comunicarán ás delegacións do Goberno nas comunidades autónomas e nas cidades con estatuto de autonomía ou, se é o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma con competencias estatutariamente recoñecidas para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública onde aquelas se asenten, a existencia e identidade dun delegado de seguridade para a dita infraestrutura.

2. O delegado de seguridade constituirá o enlace operativo e a canle de información coas autoridades competentes en todo o referente á seguridade concreta da infraestrutura crítica ou infraestrutura crítica europea de que se trate, e canalizará as necesidades operativas e informativas que se refiran a aquela.

Artigo 36. Seguridade dos datos clasificados.

Os datos clasificados relativos ás infraestruturas dos operadores críticos cumprarán, en todo caso, cos requirimentos de seguridade establecidos polo secretario de Estado director do Centro Nacional de Intelixencia, de acordo coa normativa específica aplicable.